Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Presentación dos riscos da actividade de tratamentos superficiais. - Riscos derivados da actividade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicación da unidade didáctica partindo de casos prácticos ou situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor. Resolver cuestionarios sobre casos practicos ou situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. Máquinas. Pinturas. EPIs 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Probas de execución. LC.2 - Probas de execución. LC.3 - Probas de execución. PE.1 - Exames. PE.2 - Exames. PE.3 - Exames. PE.4 - Exames. PE.5 - Exames. PE.6 - Exames. TO.1 - Traballo diario. 	4,0
TOTAL						4,0

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Organización do traballo na aplicación de tratamentos superficiais.	6

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiciona a área de traballo, analiza o proceso do tratamento superficial para realizar, e selecciona os materiais, os equipamentos, as ferramentas, e os medios auxiliares e de protección.	NO

4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os documentos de traballo.	1	Interpretar documentos de traballo	3,0
2.1 Describir máquinas, equipamentos e accesorios.	2	Preparar medios e equipamentos.	3,0
2.2 Identificar materiais.			
2.3 Marcar elementos.			
TOTAL			6

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Descríronse as máquinas, os equipamentos, os accesorios e os elementos auxiliares necesarios para realizar o traballo.	● PE.1 - Exames.	S	15
CA1.2 Elixíronse os medios e os equipamentos que cumpra utilizar deducidos do plano de montaxe, e comprobouse o seu bo funcionamento.	● PE.2 - Exames.	S	15
CA1.3 Identifícaronse os materiais necesarios para o traballo da aplicación de tratamentos superficiais.	● PE.3 - Exames.	S	15
CA1.4 Marcáronse os elementos que se vaian tratar.	● LC.1 - Probas de execución.	S	15
CA1.5 Colocáronse os elementos para tratar nas zonas definidas.	● LC.2 - Probas de execución.	S	15
CA1.6 Caracterizáronse as áreas de traballo en función do tipo de tratamento que se vaia realizar.	● LC.3 - Probas de execución.	S	15
CA1.7 Elaborouse a cama en función da súa dimensión, os medios auxiliares, a súa posición e a súa orientación na zona de traballo.	● LC.4 - Probas de execución.	N	10
TOTAL			100

4.12.e) Contidos

Contidos
Interpretación dos documentos de traballo.
Identificación dos materiais polas súas referencias normalizadas e o seu aspecto.
Características de máquinas, ferramentas, útiles, accesorios e elementos auxiliares utilizados na montaxe.

Contidos
Preparación, montaxe e axuste de máquinas, equipamentos e elementos auxiliares.
Valoración da orde e a limpeza na área de traballo.

4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Interpretar documentos de traballo - Traballar con follas de instrucións de tratamentos superficiais.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición de follas de instrucións de tratamentos superficiais orgánicos e metálicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Debate sobre as follas de proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Follas de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Exames. PE.2 - Exames. PE.3 - Exames. 	3,0
Preparar medios e equipamentos. - Preparar os equipos e instalacións necesarios para realizar tratamentos superficiais, aplicando o proceso establecido, en condicións de seguridade e nos tempos axeitados.	<ul style="list-style-type: none"> Demostración práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> repetición do proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Útiles de pintado. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Probas de execución. LC.2 - Probas de execución. LC.3 - Probas de execución. LC.4 - Probas de execución. 	3,0
TOTAL						6,0

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	Plan de aplicación de tratamentos superficiais.	10

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora o plan da aplicación do tratamentos superficiais, e identifica e caracteriza as súas fases.	SI

4.13.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar materiais. 1.2 Describir corrosión e oxidación. 1.3 Describir os metodos de protección contra a corrosión e oxidación. 1.4 Describir metodos de protección contra o lume.	1	Elaboración de follas de instrucións para a aplicación de tratamentos superficiais de recubrimiento orgánico.	5,0
2.1 Identificar materiais. 2.2 Describir corrosión e oxidación. 2.3 Describir os metodos de protección contra a corrosión e oxidación. 2.4 Describir metodos de protección contra o lume.	2	Elaboración de follas de instrucións para a aplicación de tratamentos superficiais de recubrimiento metálico.	5,0
TOTAL			10

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Definíronse os medios humanos e materiais necesarios.	• PE.1 - Exames.	S	15
CA2.2 Determinouse a secuencia idónea da aplicación de tratamentos superficiais.	• PE.2 - Exames.	S	20
CA2.3 Identificáronse as normas de seguridade relativas ao proceso da aplicación de tratamentos superficiais.	• PE.3 - Exames.	S	15
CA2.4 Explicáronse os procesos da aplicación de tratamentos superficiais nas construcións metálicas tipo: estruturas, caldeiraría, carpintaría metálica, tubaxes, etc.	• PE.4 - Exames.	S	20
CA2.5 Relaciónáronse as incompatibilidades de contacto entre materiais.	• PE.5 - Exames.	S	20
CA2.6 Definíronse as estadas e os accesos necesarios.	• PE.6 - Exames.	S	10
TOTAL			100

4.13.e) Contidos

Contidos
Corrosión e ataque químico dos metais.

4.13.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaboración de follos de instrucións para a aplicación de tratamentos superficiais de recubrimento orgánico.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre o proceso de aplicación de tratamentos de acabado con recubrimento orgánico, e elaboración dunha follo de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención e tomar apuntes. Realizar unha follo de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de clase. Follos de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Pizarra. Apuntes. catalogos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Exames. PE.2 - Exames. PE.3 - Exames. PE.4 - Exames. PE.5 - Exames. PE.6 - Exames. 	5,0
Elaboración de follos de instrucións para a aplicación de tratamentos superficiais de recubrimento metálico.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre o proceso de aplicación de tratamentos de acabado con recubrimento metálico, e elaboración dunha follo de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención e tomar apuntes. Realizar unha follo de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de clase. Follos de instrucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Pizarra. Apuntes. Catalogos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Exames. PE.2 - Exames. PE.3 - Exames. PE.4 - Exames. PE.5 - Exames. PE.6 - Exames. 	5,0
TOTAL						10,0

4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	Aplicación de tratamientos superficiais.	10

4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica tratamentos de acabado, tendo en conta a relación entre as súas características e os requisitos da instalación.	SI

4.14.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Limpar as superficies. 1.2 Pintar as superficies. 1.3 Seleccionar o equipamento 1.4 Respetar as normas de seguridade.	1	Aplicación dun tratamento orgánico a unha estrutura metálica.	10,0
TOTAL			10

4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Seleccionouse o procedemento de tratamento do acabado para aplicar tendo en conta as características do material base e a súa solicitude en servizo.	● PE.1 - Exames.	S	10
CA3.2 Relaciónáronse os equipamentos, as ferramentas e os medios auxiliares co tratamento que se vaia realizar.	● PE.2 - Exames.	S	10
CA3.3 Utilizouse o método de preparación axeitado segundo o estado da superficie.	● LC.1 - Probas de execución.	S	15
CA3.4 Realizouse correctamente a técnica de pintado atendendo a criterios de calidade e económicos.	● LC.2 - Probas de execución.	S	20
CA3.5 Realizouse o revestimento con materiais plásticos atendendo a criterios de calidade e económicos.	● LC.3 - Probas de execución.	S	15
CA3.6 Verificouse que o grosor do recubrimento sexa o especificado.	● LC.4 - Probas de execución.	S	10
CA3.7 Identificáronse os defectos producidos no tratamento.	● PE.3 - Exames.	S	10
CA3.8 Corrixíronse os defectos do tratamento aplicando as técnicas establecidas.	● LC.5 - Probas de execución.	S	10
TOTAL			100

4.14.e) Contidos

Contidos
Limpeza, pintado e tratamentos superficiais.
0Selección do equipamento de tratamento.

Contidos
Preparación das superficies e aplicación da pintura ou do revestimento plástico.
Valoración e respecto polas normas de seguridade e hixiene no tratamento e no uso dos EPI.
Precaución na almacenaxe e na utilización dos produtos químicos, dos medios e dos equipamentos.
Ferramentas, equipamentos e medios auxiliares.
Corrosión e ataque químico dos metais.
Clasificación dos métodos de protección dos metais.
Normativa e documentación técnica.
Instalacións manuais, semiautomáticas e automáticas.
Descrición dos sistemas de preparación do substrato e aplicación de pinturas e revestimentos con materiais plásticos en relación coa protección desexada no material base.
Implicacións ambientais: tecnoloxías de vertido cero.
Elección do procedemento en función do material base e dos requisitos.

4.14.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Aplicación dun tratamento orgánico a unha estrutura metálica. - Pintado dunha estrutura metálica.	<ul style="list-style-type: none"> Demostración práctica do preparado e pintado dunha estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> Repetición do procedemento. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba de execución, pintado. 	<ul style="list-style-type: none"> Útiles de pintado. Probetas. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Probas de execución. LC.2 - Probas de execución. LC.3 - Probas de execución. LC.4 - Probas de execución. LC.5 - Probas de execución. PE.1 - Exames. PE.2 - Exames. PE.3 - Exames. 	10,0
TOTAL						10,0

4.15.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
15	Mantemento de primeiro nivel en tratamentos superficiais.	6

4.15.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das ferramentas en relación coa súa funcionalidade.	SI

4.15.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a importancia de realizar o mantemento de primeiro nivel nos tempos establecidos. 1.2 Describir as operacións de mantemento de primeiro nivel. 1.3 Realizar montaxes e desmontaxes de elementos simples consonte o procedemento. 1.4 Recoller residuos segundo normas de protección ambiental. 1.5 Rexistrar os controis e as revisións, para asegurar a trazabilidade.	1	Mantemento preventivo.	6,0
TOTAL			6

4.15.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Descríbense as operacións de mantemento de primeiro nivel de ferramentas, máquinas e equipamentos.	● PE.1 - Exames.	S	10
CA4.2 Localízanse os elementos sobre os que cumpra actuar.	● LC.1 - Exames.	S	15
CA4.3 Realízanse desmontaxes e montaxes de elementos simples consonte o procedemento.	● LC.2 - Exames.	S	15
CA4.4 Verifícanse e mantivéronse os niveis dos lubricantes.	● LC.3 - Exames.	S	15
CA4.5 Recolléronse residuos de acordo coas normas de protección ambiental.	● LC.4 - Exames.	S	15
CA4.6 Rexistráronse os controis e as revisións que se efectuaron, para asegurar a trazabilidade das operacións de mantemento.	● LC.5 - Exames.	S	15
CA4.7 Valorouse a importancia de realizar o mantemento de primeiro nivel nos tempos establecidos.	● TO.1 - Traballo diario.	S	15
TOTAL			100

4.15.e) Contidos

Contidos
Engraxamento, niveis de líquido e liberación de residuos.
Técnicas e procedementos para a substitución de elementos simples.

Contidos
Plan de mantemento e documentos de rexistro.
Valoración da orde e a limpeza na execución de tarefas.
Planificación da actividade.
Participación solidaria nos traballos de equipo.

4.15.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Mantemento preventivo. - Actividades periódicas co fin de evitar avarías nos elementos.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica e práctica do tema. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes. Realizar mantemento correctivo. 	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> Pizarra, apuntes, máquinas e ferramentas. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exames. LC.2 - Exames. LC.3 - Exames. LC.4 - Exames. LC.5 - Exames. PE.1 - Exames. TO.1 - Traballo diario. 	6,0
TOTAL						6,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

O módulo formativo consta de dúas avaliacións que deben ser superadas positivamente. Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación mínima de cinco puntos, resultado de realizar a media de porcentaxes das unidades didácticas (UDs) impartidas en cada período de avaliación.

En cada unidade didáctica, o alumno/a deberá superar cada un dos instrumentos que conteñan criterios de avaliación fixados como mínimos cunha nota mínima de cinco. Para que un instrumento de avaliación que non conteña criterios de avaliación mínimos faga media deberá obterse unha puntuación mínima de catro.

A nota da segunda avaliación parcial será a suma (media) das porcentaxes de todas as UD's impartidas o longo de todo o curso, no caso de ser superior ou igual a cinco, esta nota será a nota que conste na avaliación final, e de ser inferior, o alumno/a poderá recuperar as UD's suspensas no período comprendido entre a segunda avaliación parcial de módulos e a avaliación final.

As notas das avaliacións serán sen decimais e a aproximación faráse por truncado a unidade.

Criterios de cualificación:

Para avaliar as unidades didácticas utilizaráanse os seguintes instrumentos de avaliación:

-Exames ou probas escrita: Cun peso do 50% da nota final da UD. A nota destas probas será de 0 a 10 e o alumno será informado con anterioridade do peso de cada cuestión.

-Prácticas: Cun peso do 50% da nota final da UD. A nota destas probas será de 0 a 10 segundo as táboas de observación e/ou listas de cotexo.

A nota final da avaliación será a de facer media dos contidos prácticos e teóricos sempre e cando o alumno obteña un catro como mínimo en cada un deles, en caso contrario a nota final da avaliación será a menor das dúas.

A aplicación do proceso de avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás demais actividades programadas. Para tal efecto, no regulamento de réxime interior do centro establece o número de horas máximas que un alumno poderá deixar de asistir a cada módulo profesional, para ter dereito a ser avaliado, que non poderá ser superior ó 10% da duración do módulo (14 horas). No caso de perda de dereito de avaliación continua, o alumnado que poda ser avaliado cós instrumentos habituales do curso, obterá a cualificación correspondente aos mesmos. No caso de non poder ser avaliado con estes instrumentos, deberá acudir a a unha proba extraordinaria que terá lugar no período comprendido entre a 2ª avaliación e a avaliación final.

No caso de un alumno/a que se demostre copiou nun dos instrumentos de avaliación, invalidarase dito instrumento e se realizará unha proba de recuperación, dita proba se realizará no período comprendido entre a segunda avaliación e a avaliación final.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O módulo formativo consta de dúas avaliacións parciais que deberán ser superadas positivamente, o profesor fará probas de recuperación o alumnado con partes non superadas antes da segunda avaliación parcial de módulos. A nota da avaliación final será a nota da segunda avaliación parcial no caso de ser positiva. O alumnado que non acade cualificación positiva terá a posibilidade de presentarse as probas de recuperación que terán lugar no período de FCT, comprendido entre a segunda avaliación parcial e a avaliación final de módulos.

Os alumnos unicamente poderán recuperar de forma autónoma aquelas actividades ou traballos teórico-prácticos que pola súa composición poidan ser realizados por calquera alumno fora de horas de clase. No caso de traballos prácticos no que o profesor teña que avaliar a destreza de cada alumno, non poderán realizarse nunca sen a supervisión do profesor do módulo.

O alumnado con algún traballo práctico non superado deberá recuperalo ó longo do seguinte trimestre ou no período asignado para recuperación, dentro do horario establecido para o módulo e cando así se lle indique.

As actividades de recuperación versarán sobre aquelas prácticas ou contidos teóricos ou teórico-prácticos onde o alumno manifestase unha maior dificultade para acadar os obxectivos mínimos chegando a conclusión dunha necesidade de mellora neses contidos ou prácticas.

Desenvolvemento das probas de recuperación:

O alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles para cada un dos bloques de contidos desta programación

Esta proba constará de dúas partes:

1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo.

2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo como mínimo unha das pezas realizadas polo alumnado ao longo do curso

A primeira parte da proba celebrarase nun único día. A segunda parte poderá durar máis dun día. Aquel alumnado que non supere a primeira parte da proba, non poderá realizar a segunda parte.

A hora e data da proba extraordinaria será publicada coa suficiente antelación (15 días) no taboleiro de anuncios do departamento e na páxina web do centro.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos ou alumnas que superen a porcentaxe do 10% sobre o total do módulo de faltas de asistencia non xustificadas perderán o dereito á avaliación continua, tal e como se establece na lexislación vixente.

Cando o alumno ou alumna supere o 6% de faltas non xustificadas se lle fará entrega dun apercibimento sobre a perda do dereito á avaliación continua, advertíndolle que de seguir faltando pode chegar a perder o dereito a avaliación continua. De continuar faltando ou cando o alumno ou alumna supere o 10% de faltas non xustificadas se lle fará entrega da notificación de perda do dereito a avaliación continua.

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, dacordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consígnase na

avaliación final de módulos do curso correspondente.

Esta proba final extraordinaria constará de dúas partes: Unha parte teórica, e outra parte práctica que se realizarán en días distintos.

-1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo. Esta parte da proba terá lugar nun aula e incluírá diversas preguntas teóricas (longas e curtas, de resposta múltiple, verdadeiro/falso), supostos prácticos sobre desenvolvementos e exercicios de cálculo numérico. Aquele alumnado que non supere a primeira parte da proba, non poderá realizar a segunda parte.

-2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo como mínimo unha das pezas realizadas polo alumnado ao longo do curso. A proba práctica será no taller e o alumno ou alumna deberá vir correctamente equipado cos EPIS axeitados, o profesor poderá impedir a realización de esta parte da proba se considera que a falta de destreza e/ou coñecementos do alumnado pode xerar un risco para si mesmo ou outros.

A hora e data da proba extraordinaria será publicada coa suficiente antelación (15 días) no taboleiro de anuncios do departamento e na páxina web do centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No Departamento didáctico, mensualmente, tense a oportunidade de avaliar o proceso de ensino. Ademais deste momento mensual de avaliación da nosa práctica, existe outro trimestral e anual. Mensualmente, cando se revisa a programación, realizamos un balance dos obxectivos e contidos que logramos, e con iso, podemos introducir as modificacións oportunas no seguinte trimestre. E ao final de curso, este balance realízase en relación co conseguido en todo o curso dentro do marco da "Memoria Final de Curso".

Agora ben, independentemente do momento en que avaliemos, os aspectos nos que nos habemos de centrar son:

-No que respecta aos obxectivos: Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel? Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores? Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa? Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia se relaciona?.

-No referido aos contidos: Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos encontramos? Explícita se os "mínimos esixibles" para este nivel? Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal (educación en valores, cultura galega, fomento da lectura, e TIC) e cos intereses e vida cotiá do alumnado? Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado neste nivel, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?.

-No relativo á metodoloxía: Prevíronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións? Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores? Foron adecuados os espazos previstos? Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.

-No relacionado coa avaliación: Explicáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que lograrlos? As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna? Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado? Realizouse un axeitado seguimento do alumnado coa nosa materia pendente en niveis anteriores ao que impartimos e do alumnado que repite curso?.

-E no que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo: Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos,¿) e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realízase, ó longo do primeiro mes de curso ou ó comezo dunha nova unidade didáctica, a través da observación, seguimento e probas orais ou escritas faremos unha exploración inicial que nos aporta datos referidos a aptitudes e intereses do alumno. Este coñecemento permítenos orientar o proceso de aprendizaxe as necesidades dos alumnos e decidir o tipo de axuda ou reforzo máis adecuado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desventaxes entre o alumnado.

Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desplazarse do titor aos distintos profesionais, polo contrario, éstos deben colaborar con aquél, de acordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Para acadar este obxectivo tomaremos as seguintes medidas de reforzo:

- Agrupamento de alumnos.
- Traballos de ampliación de coñecementos adicionais para os máis avanzados.
- Apoio por parte do profesor para os alumnos con dificultades.
- Os alumnos máis avanzados axudarán os compañeiros con dificultades de aprendizaxe.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común. Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos. Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sana e equilibrada, valoración positiva do

exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En función dos recursos económicos dispoñibles no Centro en xeral, e no departamento de Fabricación Mecánica en particular, que poidan destinarse á realización de actividades extraescolares e complementarias, se programarán visitas a empresas do sector próximas para que os alumnos e alumnas se fagan unha idea da actividade tecnolóxica do seu entorno. Tamén se valorará a posibilidade de realizar charlas dentro do centro, por parte de provedores, empresas, organizacións, ... etc.

As actividades complementarias e extraescolares orientaranse de forma que favorecerán o desenvolvemento dos contidos educativos.

Este ano estas actividades só se realizarán se os protocolos pola alerta sanitaria o permiten.

10. Outros apartados

10.1) Desenvolvemento da modalidade presencial ou semipresencial derivada do COVID-19.

Ante a contestación negativa a miña solicitude para realizar unha semipresencialidade rotatoria semanal coa metade do alumnado, deseño esta programación para un escenario de ensinanza totalmente presencial.

Debido a falta de equipamento no taller, onde tan só se dispón de 11 postos de traballo, e co fin de respectar as distancias mínimas interpersoais establecidas polo protocolo COVID-19, establécese unha rotación do alumnado no taller, de xeito que: mentres 11 alumnos realizan tarefas teóricas, os outros 11 realizarán tarefas prácticas, sempre e cando as condicións o permitan. No caso de esta metodoloxía didáctica non dera os resultados previstos, ou fose de imposible aplicación, contéplase o uso de pantallas faciais de uso individual durante as prácticas de taller.

10.2) Integración de resultados de aprendizaxe non acadados.

Para que o alumnado poida adquirir os resultados de aprendizaxe esenciais que non puideron desenvolverse no curso 2019/20 debido ás circunstancias excepcionais derivadas do COVID-19, e tendo en conta os informes individualizados e/ou de grupo realizados ao finalizar o curso 2019/20 e o resultado da sesión da avaliación inicial, decídese integrar a impartición destes resultados de aprendizaxe nos módulos profesionais de segundo curso aínda que non sexan obxecto de avaliación específica.

A estes efectos e por afinidade curricular, os contidos non impartidos no módulo de trazado do ano 2019/20 será impartidos no módulo de montaxe do ano 2020/21. Estes contidos son:

-UF2- RA3. Traza desenvolvementos de formas xeométricas e interseccións sobre perfís comerciais e tubos, e determina as formas que se poden construír, aplicando as técnicas de trazado.

-UF2- RA4. Opera con equipamentos e máquinas de corte térmico convencionais en perfís e tubaxes, e identifica os parámetros para controlar en

relación co produto que cumpra obter.

-UF2- RA7. Opera con equipamentos e máquinas de conformación térmica en perfís e tubaxes, e reconece os parámetros para controlar en relación co produto que se queira obter.

-UF2- RA8. Opera con equipamentos e máquinas de conformación mecánica en perfís e tubaxes, tanto convencionais como de control numérico, e identifica os parámetros para controlar en relación co produto que se queira obter.

-UF2- RA9. Realiza o mantemento de primeiro nivel das máquinas-ferramenta e os seus útiles, en relación coa súa funcionalidade.

Programaránse varias prácticas de interseccións de tubaxes onde os alumnos teñan que aplicar empiricamente os coñecementos teóricos adquiridos durante o confinamento.

10.3) Desenvolvemento das ensinanzas a distancia.

De ser o caso de producirse un novo confinamento, as ensinanzas poden pasar a ser a distancia ou semipresenciais. De producirse este feito, a programación e os criterios de cualificación/recuperación poderán sufrir modificacións segundo as indicacións das autoridades educativas.

En previsión de que se produza este novo confinamento, darase preferencia cronolóxica a impartición dos contidos que permitan ao alumnado acadar as destrezas prácticas mínimas necesarias a desenvolver no seu posto de traballo. Deixando os contidos eminentemente teóricos do currículo sen impartir en previsión de este confinamento.

10.3.1. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía a seguir para a distribución dos contidos teóricos das distintas unidades, tanto de repaso ou ampliación impartidos durante as distintas avaliacións desenrolarase mediante o envío de material teórico relacionado cas distintas unidades da programación en formato PDF a través do grupo de Telegram, aula virtual do centro e unhas actividades de autoavaliación, que serán revisadas polo profesor.

Todas as tarefas serán deseñadas para que se poidan seguir a través do teléfono móbil sen necesidade de ordenador nin impresora. Para o alumnado sen conectividade poderase facer chegar (previa solicitude) as tarefas en papel a través da dirección do centro, recolléndooas en canto as circunstancias o permitan ou remitíndoas por correo postal o centro.

10.3.2 Información o alumnado e ás familias

Para informar o alumnado, o profesor empregará o canal de telegram creado a principios de curso con esta finalidade, o Aula virtual do centro e/ou o espazo Abalar.

No caso que algún alumno ou alumna non poida ser contactado por este medio, poderá ser contactado por correo electrónico, postal ou telefónico a través do titor do ciclo. E responsabilidade do alumnado poñer todos os medios dispoñibles para facilitar o contacto co profesor.

Un alumno ou alumna que reporte problemas de conectividade, deberá contactar coa dirección do centro educativo, co fin de solventar a situación, ben a través de documentación en papel ou cesión de equipos informáticos.

10.3.3. Materiais e recursos

Para a impartición dos contidos faremos uso de material de elaboración propia, libros das materias en formato dixital, vídeos en youtube, páxinas web de acceso público. Vídeo-conferencia WEBEX, sempre e cando as condicións de conectividade do alumnado o permitan. Para o seguimento das actividades lectivas telemáticas podería ser suficiente cun teléfono móbil con conexión de datos a través do telegram.

10.4) Criterios de cualificación nun escenario de educación a distancia.

En principio, para acadar promoción a segundo curso, todas as destrezas prácticas considerados obxectivos mínimos e indicados nesta programación deben estar superados.

Para acadar a avaliación positiva, o alumno debe obter unha puntuación mínima de cinco puntos, resultado de realizar a media de porcentaxes das unidades didácticas (UDs) impartidas durante o período de confinamento.

O non poder realizarse probas prácticas no centro educativo, no que se comprobará a adquisición das destrezas prácticas indispensables para acadar os obxectivos e resultados de aprendizaxe asociados ó módulo, para cualificar o alumno en cada avaliación teremos en conta dous tipos de probas: probas puramente teóricas (50%) e exercicios prácticos/desenrollos (50%). A parte das probas teóricas fará media aritmética coa parte dos exercicios, sendo esta última a nota final de cada avaliación.

As probas teóricas consistirán na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos en cada avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo, quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que serán incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso. Estas probas teóricas tamén poderán ser orais ou escritas a través de video conferencia. A cualificación destas probas será de 1 sobre 10 e o alumno será informado da puntuación de cada cuestión antes de resolvela.

As probas prácticas consistirán nun ou mais exercicios/desenrollos/traballos, que se puntuarán de 0 a 10 puntos. Cada proba contará para a nota da parte práctica dacordo coa súa complexidade. O alumno deberá acadar unha nota superior a cinco para superar esta parte, e unha nota superior a catro para que faga media coa parte teórica. Cunha nota inferior a catro non se fai media coa parte teórica, e a nota final da avaliación é a mais baixa das dúas partes. Todas as actividades deberán ser entregadas en tempo e forma para que contén positivamente.

No caso dun alumno que perdera a avaliación continua antes de que se estableza o confinamento, estes criterios non son válidos e deberá presentarse a unha proba final.

10.5) Procedemento para a recuperación nun escenario de educación a distancia.

10.5.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos unicamente poderán recuperar de forma autónoma aquelas actividades ou traballos teórico prácticos que pola súa composición poidan ser realizados por calquera alumno fora de horas de clase. No caso de traballos prácticos no que o profesor teña que avaliar a destreza de cada alumno, non poderán realizarse nunca sen a supervisión do profesor do módulo.

O alumnado con algún traballo práctico non superado deberá recuperalo no período asignado para recuperación, dentro do horario establecido para o módulo e cando así se lle indique se a volta as aulas fose posible.

Antes do remate do curso escolar farase unha proba obxectiva teórica ou práctica ou ámbalas dúas de cada unha das partes non superadas polo alumno durante o curso (nota inferior a 5 puntos). As probas a realizar na recuperación serán similares ás da avaliación.

A proba consistirá na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que serán incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso .

A data de realización do exame por parte do alumnado será publicada coa suficiente antelación no taboleiro de anuncios, na páxina web e/ou na aula virtual do centro educativo.

10.5.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que supere o límite de faltas de asistencia establecido na normativa aplicable en cada caso, perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria o final da terceira avaliación, para superar este módulo. A proba de avaliación

extraordinaria variará en función se hai unha volta as aulas ou non.

A proba consistirá na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que poderán ser incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso

A data de realización do exame por parte do alumnado será publicada coa suficiente antelación no taboleiro de anuncios, na páxina web e/ou na aula virtual do centro educativo.

No caso de vola a ensinanza presencial, todas as probas poderán ser presenciais en vez de no aula virtual.